

# Os cruceiros de capela: concello de Dodro

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ\*

## Sumario

En Galicia hai dous tipos de cruceiros: os de varal e os de capela. Os segundos son moi escasos, cinguíndose exclusivamente a unha pequena parte da prov. da Coruña (concellos de Ames, Brión, Boiro, Dodro, Lousame, Rianxo, Ribeira, Rois, etc.) No de Dodro só se conserva un exemplar, pero é moi interesante por estar datado (1672).

## Abstract

There are two kinds of *cruceiros* in Galicia: *os de varal e os de capela*. The second ones are very few, only in a small part in the province of Coruña (Councils of Ames, Brión, Dodro, Lousane, Riveira, Rois, etc.) There is only one exemplary in Dodro, but it is very interesting to be dated (1672).

**O**s cruceiros de capela ou capeliña só os hai nuns poucos concellos galegos, que son os da península da Barbanza e os situados entre os ríos Ulla e Tambre, sendo o de Santo Amaro da Barouta o que queda máis cara ó interior, na parroquia e concello de Ames, lindeiro co de Santiago de Compostela. Polo de agora carécese dun inventario de tódolos cruceiros galegos, non sendo estes unha excepción, aínda que nos máis dos casos se trate de obras antigas e de interese artístico.

Pola nosa conta propuxémonos xa hai anos ir dando a coñecer todos estes pequenos monumentos, concello por concello, e dende que en 1989 saíron os de Rois, foron publicados os correspondentes a Ribeira, Brión, Ames e Rianxo, ós que agora engadimos os de Dodro<sup>1</sup>.

## CRUCEIROS DO CONCELLO DE DODRO

Territorialmente só consta de tres parroquias: Santa María de Dodro, San Xiao de Laíño e San Xoán de Laíño. En total algo máis de 36 km<sup>2</sup> de extensión. Áchase na ribeira do Ulla, facendo este río de divisoria natural nas tres freguesías co concello pontevedrés de Valga, agás un pequeno treito co de Padrón que corresponde ó río Sar, xa na súa foz. Ata que se levaron a cabo as aínda vixentes circunscricións administrativas, no ano 1833, estas terras estaban repartidas entre a xurisdicción de Rianxo (as dúas freguesías de Laíño), o couto redondo de Dodro e Lestrove, e o couto de Bexo, todos eles pertencentes á provincia de Santiago de Compostela.

Actualmente érguense no seu territorio 21 cruceiros e cruces, sen contar aqueles que se achan dentro de propiedades particulares que adoitan ser, polo xeral, modernos, e que non teñen máis fins que decorativas. Por parroquias repártense do seguinte xeito:

---

\* Clodio González Pérez é membro da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego e da Fundación Castelao, da ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, secretario da sección de Etnografía e Folklore do Instituto "P. Sarmiento" de Estudos Galegos, etc. Autor de varios libros sobre os maios, a coca, as festas cíclicas do ano, a cultura material nos Ancares lugueses e leoneses, a produción tradicional do ferro en Galicia, etc.


<sup>1</sup> GONZÁLEZ PÉREZ, C., "Os cruceiros de capela", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núms. 103 (1989), 104 (1990), 105 (1992), 107 (1995), 108 (1996), 110 (1998) e 112 (1999).

**Dodro**.....  
6 (2 cruceiros, 3 cruces, 1 incompleto)

**Laíño (San Xiao)**.....  
8 (6 cruceiros, 2 incompletos)

**Laíño (San Xoán)**.....  
7 (5 cruceiros, 1 de capela, 1 incompleto)

Son moi poucos os que están datados, sobresaíndo entre eles tres: o de Abelán (1672), o de Tarrío (1761) e o de Bustelo (1893). Tódolos demais son posteriores, aínda que haxa algúns que conserven pezas de difícil datación, que se aproveitaron ó ser restaurados ou trocados de sitio fóra das aldeas, de xeito que non impidan ou dificulten o tránsito de vehículos, tanto de coches como de tractores.



Lám. I: Concello de Dodro e situación do cruceiro de Abelán.

## 1. CRUCEIROS DE CAPELA DE DODRO

Non se conserva máis que un, aínda que por tratarse de obras moi antigas hai a posibilidade de que en tempos pasados existisen máis, que foron desaparecendo ou se substituíron por outros de varal. Este baril exemplar atópase na parroquia de San Xoán de Laíño, que é a situada máis contra o oeste, lindeira cos concellos de Rianxo, Rois e Lousame, nos que en todos eles existen interesantes cruceiros desta clase.

### PARROQUIA DE SAN XOÁN DE LAÍÑO

No seu territorio érguense actualmente seis cruceiros, dos que cinco son de varal e un de capela. Todos eles están en terreo considerado público, agás que exista algún documento que indique o contrario, ou que, como ocorre de abondo con estas obras, a nivel popular se considere algún, por tradición transmitida de pais a fillos, propiedade dunha determinada casa ou familia da aldea, aínda que non se dispoña de papeis para demostralo.

### Cruceiro ou Cruz de Abelán ou Dabelán

#### Situación

Atópase nun lugar afastado das casas, nunha antiga encrucillada de varios camiños, case todos eles transformados nas últimas décadas en estradas, que se dirixen ás aldeas da Igrexa, Imo, O Castro, A Devesa, Teaio e Bustelo. O lugar máis próximo -seguindo as actuais vías de comunicación-, é o da Devesa, a uns 900 m de distancia. Polo mesmo, dadas as súas características, o lugar era tanto daquela como aínda hoxe en día moi axeitado para que se erguese unha cruz, que se divisaba na cima do outeiro xa dende lonxe, cousa que agora non é posible pola abondosa vexetación que cubre todo o monte.

Queda no “camiño sacramental”, tanto para ir á igrexa de San Xoán, que é actualmente a parroquial, como antes para a de San Xiao, por onde había que pasar cos defuntos das aldeas da Devesa, Bustelo e Teaio.

*Descrición*

Failla de alicerce unha rocha natural, sobre a que están dous chanzos, de maior a menor, formados por varias pedras, nos que se asenta o voluminoso fuste de sección cadrada (de 0,62 m de lado), pero cos cantos rebaixados agás nos extremos, como adoita ser corrente en todos estes cruceiros, nos que hai un motivo ornamental, que nos superiores semella unha folla ou espiga de trigo ou centeo. Mide de alto 1,60 m.

Cómpre subliñar, por ser único en cantos levamos estudiado polo de agora, o feito de que nas catro caras da pedra inferior do fuste teña como ornamento unha especie de fornela labrada en baixorrelevo, co lado superior redondeado.

Abranguendo todo o fronte da segunda pedra e parte da terceira hai un oco semellante a unha fornela, coa parte superior redondeada e varias cruces inscritas dentro, no que é de supoñer que se acollese algunha imaxe, agora desaparecida. Quizais puido ser mesmo un pequeno retablo dedicado ás ánimas do Purgatorio, pero os veciños non saben dar razón, polo que non deixa de ser máis que unha suposición sen fundamento

(FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, 1997: 54). Non hai dúbida que se trata dun rebaixe moi posterior ó cruceiro, pois ó facelo destruíuse parte da inscrición. Posiblemente date de cando se creou a parroquia de San Xoán de Laiño, a finais do século XVIII, que co gallo de ter que construír unha nova igrexa poñerían aquí algunha imaxe (mesmo a do padroeiro), así como tamén o peto pola parte de arriba, aproveitando que era un lugar moi transitado.

A peza seguinte é o capitel, baixo, adornado cunha moldura e no lado frontal cunha cabeza de querubín coas ás abertas. Mesmo sobre esta figura tallouse non sabemos cando —pero moito despois de face-lo cruceiro— un burato cadrado destinado a peto de esmolos, polo que é de supoñer que en tempos pasados tivese unha portaña, de ferro ou de madeira.

Sobre o capitel aséntase a capeliña ou fornela, formada por catro pedras: as dúas laterais, a traseira e a que cubre. En cada unha das xambas ten gravada en baixorrelevo unha columniña salomónica, na que se albiscan a base e o capitel; e no fronte da pedra da cuberta, que sobresa varios centímetros por diante, un arco tamén co mesmo motivo ornamental. O teito por dentro semella unha bóveda de crucería, cos seus correspondentes catro nervios e a clave central, esta última ben traballada; mentres que polo exterior é de perfil semicircular. Proporcionalmente esta capela é alta, pois mide dende o capitel ata o teito case un metro (exactamente 0,98 cm.).

Agora no interior non acolle ningunha imaxe, pero os veciños contan que dicían os vellos que antes estaba unha da Virxe, que desapareceu xa hai moitos anos. Algúns din que é a que campa na fornela da fachada da igrexa parroquial, sobre a porta.



*Lám. II: Cruceiro de Abelán ou Dabelán.*

O monumento remata coa cruz, asentada no teito da capela, sobre unha pequena base cúbica con adorno nas catro caras en zigzag. É de sección cadrada, coas arestas rebaixadas, agás nos remates dos brazos que son cadrados, tendo no medio de cada un dos cantos un círculo inscrito.




Lám. III: Cruceiro de Abelán: primeira pedra do fuste.

A imaxe de Cristo case non sobresaie, atopándose totalmente apegada á cruz, con escasos riscos anatómicos, tamén borrados en parte polo desgaste da pedra. O pano de pureza anóao a súa esquerda. Distínguense ben as cabezas dos tres cravos, por ser proporcionalmente moi grandes, e a coroa de espiñas. Por detrás da cabeza —caída contra a dereita— ten o nimbo circular cunha cruz inscrita, e rematando todo o conxunto a cartela do INRI.

Mide de altura en total 4,6 m.

#### Historia

O seu nome, *Crus de Abelán* ou *Dabelán*, é de supoñer que se deba a que en tempos pasados o monte estaba poboado de abelás ou abeleiras, moi abundantes en todas estas terras, aínda que agora case teñan desaparecido. Tamén puidera ser que onde está o cruceiro ou non moi lonxe, existise un vello e robusto abelán silvestre, do que aproveitarían as pequenas abelás os que pasaban por alí ou andaban co gando.



Lám. IV: Cruceiro de Abelán: «bóveda» da capela.

Como queda dito, érguese nunha encrucillada de varios camiños, algún deles moi concorrido, por quedar preto do desvío do “camiño real” de Compostela a Rianxo. Saía do de Pontevedra na Escravitude, salvaba o río Sar pola ponte medieval da Meana, seguía por Seira, Oín, Rois e Buxán. Nesta última parroquia deixaba o concello de Rois no lugar da Chisca, onde houbo unha venda<sup>2</sup>, entrando entón no de Dodro ata a Devesa e Teaio, seguindo xa logo pola parroquia do Araño, no concello de Rianxo. O estado desta vía era a comezos do século XIX moi malo, como escribe en 1804 o ilustrado Lucas Labrada:

<sup>2</sup> Escribía o P. Sarmiento en 1754: *A la derecha, viene una encañada por donde viene el camino de Santiago a Rianxo, por la venta da Chisca, baxando por el lugar y feligresía del Araño...* (*Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755)*, Cuadernos de Estudios Gallegos, anejo III, Compostela, 1950, p. 31).



Por lo que respecta a la villa de Rianjo, sabe el Consulado que el camino que desde allí va a Santiago tiene una calzada, desde el río de la Vexa hasta el lugar de la Chisca, tan mala que ni con los mayores gastos puede ponerse transitable; pues aún cuando su piedra fuera suficiente para ello, nunca dejaría de ser una montaña escarpada, a cuya cumbre sólo pueden llegar con dificultad los viajeros de a pie y de a caballo...<sup>3</sup>.

Atendendo á situación, pódese pensar en que quizais fose mandado construír por algunha persoa que transitaba moito por este lugar, que se dedicase ó comercio ou transporte de mercadorías dende a ría de Arousa ata Compostela, e, en particular, á venda de peixe, xa que durante séculos o máis do consumido na capital de Galicia procedía do porto rianxeiro. Tampouco se pode negar que o mandasen labralos veciños, aportando cada quen unha cantidade de cartos ou froitos, así como tamén a manutención do santeiro.

No fuste ten unha longa inscrición, incompleta dende que abriron a fornela, desaparecendo parte das letras frontais da segunda pedra. Está clara a data, 1672, que debe corresponder á de construción. Aínda que é posible ler algunhas palabras, en conxunto é ilexible por acharse moi esvaídas, ter desaparecido varias, e tamén polas moitas abreviaturas de difícil interpretación<sup>4</sup>.



Lám. V: Cruceiro de Abelán: capela e cruz.

### Tradicións

O lugar é axeitado para situar aparicións de almas en pena e da santa compañía, polo que as persoas maiores aínda lle gardan moito respecto a este cruceiro. Diante detíñanse as comitivas fúnebres, aproveitando para descansar os que levaban os banzos do cadaleito, ou para cambiar de portantes, troco que cumpría facer varias veces, tanto ó subir cara ó cruceiro, como logo na baixada ata a igrexa. Mentres tanto o crego rezaba as oracións

3 LABRADA, L.: *Descrición económica del Reyno de Galicia*, Ferrol, 1804 (2ª ed., editorial Galaxia, Vigo, 1971, p. 168).

4 Estanislao Fernández de la Cigoña (1997: 54-55) publica a seguinte lectura, coa que non concordamos:

UM POR SV	NESA	MAJ
DRIOZSTA	ASENO	DEBOC
10 - 1672	TADLAS	+
	CRUS	G

correspondentes, así como os responsos que pagaban os familiares e os acompañantes.

Quizais en tempos tivo un farol, que se mantiña aceso co aceite que lle ofrecían os devotos.

A situación empezou a cambiar a finais do século XIX ó abrirse a estrada de Rianxo a Padrón, quedando os vellos camiños cada vez máis só para paso dos veciños da parroquia e arredores. Actualmente, dende que se xeneralizaron nas últimas décadas os vehículos de motor, son moi raras as persoas que pasan a pé de par do cruceiro, aínda que vivan nas aldeas da Devesa e Teaio, que son as que quedan máis pretas.

Nos últimos anos foi acondicionado o seu entorno, plantando árbores e instalando unha fonte, polo que no verán cada vez son máis as persoas que se deteñen alí, algunhas a merendar e outras a pasar unhas horas de lecer.

## 2. CONCLUSIÓN

O concello de Dodro queda dentro da área dos cruceiros de capela, pero xa nun dos extremos, sendo este de Abelán o último que hai seguindo a corrente do río Ulla cara a Padrón. Pouco se pode dicir verbo dun só exemplar, pero cómpre ter en conta que dende sempre os artistas — e como tal, os canteiros ou “santeiros”— tanto traballaban nunha xurisdicción como noutra, igual que agora nos nosos días, sen ter en conta para nada as divisións administrativas.

Este de Laiño ten ó seu favor o estar datado, polo que sabemos que se labrou na segunda metade do século XVII (o ano 1672), que foi cando se ergueron os máis destes cruceiros.

## BIBLIOGRAFÍA

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA E NÚÑEZ, E., 1997, *Cruces e cruceiros de ánimas de Galicia*. Vigo, Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE).

(1998): *Esmoleiros e petos de ánimas da provincia da Coruña*. Vigo: Ir Indo edicións.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Os cruceiros de capela. I. Concello de Rois”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* (CEG), 103 (1989) e 104 (1991).

(1992): “Os cruceiros de capela. II. Concello de Santa Uxía da Ribeira”, *CEG*, 105.

(1993): “Los cruceros de capillita”, *Revista de Folklore*, 155, Valladolid..

(1995): “Os cruceiros de capela. III. Concello de Brión”, *CEG*, 107.

(1996): “Os cruceiros de capela. IV. Concello de Ames”, *CEG*, 108.

(1998 e 1999): “Os cruceiros de capela. V. Concello de Rianxo”, *CEG*, 110 e 112.

MARTÍN RUÍZ, L.: *Cruceiros da provincia da Coruña*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1999.